






Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

CURSO COTSG

TRABALLO SOCIAL E ATENCIÓN INTEGRAL CENTRADA NA PERSOA




- 
- 01.** RESUMO DO CURSO
 - 02.** OBXECTIVOS
 - 03.** CONTIDOS FORMATIVOS
 - 04.** PERSOAS DESTINATARIAS
 - 05.** CALENDARIO
 - 06.** METODOLOXÍA
 - 07.** AVALIACIÓN
 - 08.** DOCENTES



ÍNDICE

RESUMO DO CURSO



100 horas



Do 5 de outubro ao 7 de decembro de 2026



TELEFORMACIÓN

RESUMEN DEL CURSO

Actualmente, as persoas que requiren coidados de longa duración ou apoios de diferente intensidade son non só máis numerosas, senón tamén máis conscientes dos seus dereitos: demandan información clara, participación na toma de decisións, trato personalizado, liberdade de elección, accesibilidade efectiva e confort no uso dos servizos.

A OCDE recomenda avanzar cara a un cambio de modelo nos servizos sociais e sanitarios, superando o enfoque asistencialista e fragmentado para construír un sistema centrado no que as persoas realmente desexan. Este novo enfoque pon o foco na atención integral, que considera todas as dimensións que nos constitúen como persoas: biolóxica, emocional, social, relacional e ambiental.


Neste marco, consolídase o **Modelo de Atención Integral e Centrada na persoa (AICP)**, que esixe garantir a autonomía, a dignidade e a participación activa de cada persoa, con independencia da súa situación de saúde ou dependencia. Este modelo non é unha moda nin unha ferramenta máis, senón unha forma ética de intervir.

As traballadoras sociais temos un papel cruce neste proceso de transformación: non só participamos na aplicación práctica do modelo, senón que tamén lideramos o cambio de mirada, impulsamos procesos de personalización, promovemos contornas accesibles e acompañamos ás persoas para que manteñan o control sobre as súas propias vidas. A nosa intervención fundaméntase nos principios recolleitos tanto no Código Deontolóxico do Traballo Social como na **Declaración Global de Principios Éticos da FITS**: a libre determinación, a participación, a individualización e a xustiza social. Todo iso reforza o noso compromiso cun modelo que recoñece á persoa como suxeito activo de dereitos, non como obxecto de coidados.

Este curso constrúese sobre esa base ética e profesional, e busca dotar ás profesionais do traballo social de ferramentas, criterios e enfoques que lles permitan situar a vida, as decisións e os desexos das persoas no centro real de cada intervención.


OBXECTIVOS

- **Comprender** o modelo de Atención Centrada na persoa (ACP) como un enfoque ético e metodolóxico aplicable a calquera ámbito da intervención social, desde os coidados de longa duración ata o acompañamento en situacións de vulnerabilidade, exclusión ou sinhogarismo.
- **Explorar** os ámbitos de aplicación do modelo ACP, especialmente no contexto sociosanitario e en servizos sociais, identificando o seu impacto na calidade de vida e no exercicio de dereitos.
- **Proporcionar** ferramentas, técnicas e estratexias de intervención social que permitan ás traballadoras sociais desempeñar o seu labor desde unha mirada centrada na autonomía, a dignidade e a participación activa das persoas.
- **Reforzar** o papel das traballadoras sociais como axentes clave na implementación do modelo ACP, promovendo procesos de cambio institucional, personalización de apoios e construción de contornas significativas.





CONTIDOS FORMATIVOS



MODULO 1. INTRODUCCIÓN Ao MODELO AICP.

- 1.1 Definición de AICP.
- 1.2 Referentes teóricos da AICP.
- 1.3 Dimensións: integralidad e personalización.
- 1.4 Principios reitores e criterios que fan posible o modelo.
- 1.5 A ética como referente.

MODULO 2. MARCO NORMATIVO.

- 2.1 Referentes normativos internacionais da AICP: o novo paradigma.
- 2.2 Aplicación da AICP na normativa española.

MODULO 3. ÁMBITOS DE APLICACIÓN DA AICP (PARTE I).

- 3.1 Atención centrada no paciente.
- 3.2 Intervención comunitaria desde o modelo AICP.

MODULO 4. ÁMBITOS DE APLICACIÓN DA AICP (PARTE II).

- 4.1 AICP e o sinhogarismo: Housing First.
- 4.2 AICP e discapacidade intelectual
- 4.3 AICP en servizos xerontolóxicos
- 4.4 AICP en coidados de longa duración: atención domiciliaria.

MODULO 5. TRABALLO SOCIAL NO MODELO AICP.

- 5.1 O papel das profesionais na AICP: Cambio de roles e competencias profesionais. Perfil profesional requirido. Liderazgo e xestión.
- 5.2 Profesionais do traballo social como elemento esencial do modelo.

MODULO 6. FAMILIAS E AICP.

- 6.1 Relación entre familia, profesionais e persoas usuarias.
- 6.2 Pautas de intervención con familias.

MODULO 7. MÉTODOS E TÉCNICAS DE INTERVENCIÓN NO MODELO AICP

- 7.1 O paradigma do curso da vida.
- 7.2 O coñecemento e posta en valor da persoa.
- 7.3 Plan personalizado de atención e apoio ao proxecto de vida (PAyV).
- 7.4 Grupo de apoio e consenso.
- 7.5 Os mapas comunitarios.

MODULO 8. MÉTODO DE VALIDACIÓN DE NAOMI FEIL.

- 8.1 Naomi Feil e o seu método de validación.
- 8.2 Principios teóricos da validación.
- 8.3 Instrumentos utilizados na validación.

MODULO 9. POÑAMOS EN PRÁCTICA O APRENDIDO.

- 9.1 Estudo da situación.
- 9.2 Costumes, hábitos e preferencias.
- 9.3 Liña ou traxectoria de vida.
- 9.4 Genograma.
- 9.5 Diagrama de relacións sociais.
- 9.6 Borrador do Plan de atención e vida.
- 9.7 Mapa de fortalezas e debilidades.
- 9.8 Mapa de lugares significativos.
- 9.9 Mapa de organización cotiá e apoio.
- 9.10 Mapa de intereses, afeccións e actividades significativas.


PERSOAS DESTINATARIAS

Profesionais do traballo social, persoas colexiadas e precolexiadas con interese na área de persoas maiores, dependencia, discapacidade, saúde mental, demencias, senfogarismo, servizos sociais e sanitarios.




CALENDARIO

A formación desenvolverase entre **5 de outubro e o 7 de decembro** de 2026



METODOLOXÍA



Formación en liña, onde a través da plataforma formativa Moodle o alumnado poderá traballar os seguintes recursos: temario en formato PDF/PDF, contido audiovisual ao comezo de cada módulo e lecturas complementarias.

Cada módulo dispón dun cuestionario obrigatorio e un foro de participación onde debateremos cuestións relacionadas co contido.

Ademais os módulos 4 e 6 dispoñen dun exercicio práctico voluntario para todas aquelas persoas que queiran profundar nos contidos.

AVALIACIÓN



Para aprobar o curso será indispensable superar o test final de cada módulo onde se debe contestar correctamente 6 das 10 preguntas. Dispoñen de 3 intentos cunha duración máxima de 10 minutos en cada intento.

Ademais algúns dos módulos dispoñerán de exercicios prácticos que terán un carácter voluntario e que poderán realizar aquelas persoas que queiran profundar no tema obxecto de estudo.

Recomendamos o uso dos distintos onde se abrirán temas para debater en grupo e xerar sinerxías , a participación nos mesmos tamén terá carácter voluntario



VICTORIA

Trabajadora social

- Máster en política social, dependencia e innovación para persoas maiores.
- Máster en dirección e xestión de centros de servizos sociais e sociosanitarios.
- Experta universitaria en mediación e resolución de conflitos.


Directora de Alicerce social, consultoría de traballo social e mediación familiar situada en Centro Médico Clipsimed S.L (Pontevedra).

Co Directora de XenSocial, consultoría de benestar social enfocada a empresas.

Experiencia profesional en empresas, centros sanitarios privados, centros residenciais de atención a persoas maiores, dependencia e centros de día.

ABADÍA





Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago
de Compostela

981 568 100

info@traballosocial.gal

www.traballosocial.gal

facebook.com/COTSdeGalicia

[@cotsgalicia](https://twitter.com/cotsgalicia)

